



## SONIA MÉNDEZ



(Vigo, 1980) ten unha longa traxectoria no campo da interpretación, dirección e produción audiovisual. Formada en diversas escolas de interpretación, guión, dirección de intérpretes, construción dramática e realización: Espacio Aberto (Compostela), Centre de Estudis Cinematogràfics (Barcelona), Interpretación e Arte Dramática (USC), Escuela Internacional de Cine y TV de CUBA (EICTV) e Escola de Imaxe e Son de A Coruña (EIS).

**Dirixe, guioniza e produce** as curtametraxes: Perversa Lola, Leo y Mario (se dejan), As Damas Negras, Conversa cunha muller morta, Café-Bar Santos Peluquería, Ei, Guapa, e a serie web Angélica y Roberta. Recentemente dirixe a serie dixital Antes de Perder.

**Actúa** en películas como Rafael de Xavier Bermúdez, Una mujer invisible de Gerardo Herrero o El sexo de los de los Ángeles de Xavier Villaverde e en series de televisión como Terras de Miranda, Os Atlánticos, Serramoura na TVG ou Cuéntame en TVE.

Dende 2014 idea e **dirixe o festival de Contidos Dixitais Carballo Interplay**, primeiro festival de webseries e contidos dixitais do estado.

No ano 2018 funda a productora **Cósmica Producións** xunto a Nati Juncal Portas.

É membro da Asociación de Directores e Directoras de Galicia (CREA), do Observatorio Audiovisual de Galicia, da Academia Galega do Audiovisual e da Asociación de Mulleres Cineastas (CIMA).

## FILMOGRAFÍA

**Viaxeiros do Futuro.** 2019. Guión e dirección dos videos promocionais para a gala dos Mestre mateo 2019 e dirección e guión da gala.

**Antes de Perder.** 2018. Serie dixital para Playz-RTVE. Road movie.

**Ei, guapa!** 2016. Curtametraxe incluída na obra colectiva Visións (Cinema e Muller) promovido pola Deputación de Pontevedra.

**Conversa cunha muller morta.** 2012. Curtametraxe. Drama.

**Café-Bar Santos Perruquería.** 2015. Curtametraxe documental.

**Angélica & Roberta.** 2010-13 Serie para Internet. Comedia.

**As damas negras.** 2012 Curtametraxe. Drama.

**Leo y Mario (se dejan)** 2010. Curtametraxe. Drama.

**Perversa Lola.** 2008 Curtametraxe. Drama.

## REEL

<https://vimeo.com/326281774>